

# I Certame de Nadal

## “PROPOSTAS PARA MELLORAR O MEDIO AMBIENTE”

### NO NADAL, TIRA FOTOGRAFÍAS OU ESCRIBE

A delegación de Educación, Normalización Lingüística e Medio Ambiente convoca para as datas do Nadal 2007-2008, un certame que tén tres variantes:

- Concurso de fotografía
  - Concurso de relato curto
  - Concurso de debuxo (para os/as nenos/as de Educación Primaria)
- Ambas as tres especialidades teñen un mesmo tema como obxectivo: trátase de retratar (mediante un escrito, un debuxo, ou mediante fotografías) o trato que os adultos lle dan ao Medio Ambiente, tanto se é bo como se é malo. É dicir, os participantes deben recoller nas súas fotografías, nos seus relatos, ou nos seus debuxos aqueles aspectos que ven positivos ou negativos (é dicir, que deben ser cambiados) no respecto e no trato ao Medio Ambiente.

#### 1- PARTICIPANTES

- **Certame de Fotografía e Relato Curto**

Nenos e nenas, veciños de Burela, en idade de cursar os estudos de Educación Primaria (dende os 6 até os 11 anos). Permítese a participación dun mesmo concursante en ambos os dous certames, fotografía e relato curto.

- **Certame de Debuxo**

Nenos e nenas, veciños de Burela, en idade de cursar os estudos de Educación Infantil (3 a 5 anos).

#### 2- INSCRICIÓNS

As inscricións pódense materializar dende o mércores 19 até o luns 31 de decembro nas dependencias da Biblioteca Pública Municipal.

Aqueles que se inscriban no certame fotográfico, recibirán nese intre unha ficha coa que poderán recoller a súa cámara de único uso e realizar o revelado da mesma gratuitamente en Fotografía Marco Abad, sita en Rosalía de Castro, 45.

#### 3- OBRAS

- **Certame de Fotografía**

Os/as nenos/as inscritos no curso de fotografía poden recibir a axuda dos seus pais e nais.

- **Certame de Relato Curto**

Os que desexen participar na variante de relato curto deberán facer o seu documento en galego (aínda que o xurado terá moi en conta as circunstancias especiais dos/as nenos/as de fóra de Galicia ou de España). As obras presentaranse en formato DIN-A4, con unha extensión mínima de 1 folla e máximo de 3.

- **Certame de Debuxo**

As obras presentaranse en formato DIN-A4, empregando ceras para a realización do debuxo.

#### **4. LUGAR E PRAZO DE ADMISIÓN**

O certame desenvolverase ao longo das vacacións de Nadal, sendo a data límite para a aceptación dos traballos (na Biblioteca Pública) o 14 de xaneiro de 2008.

***A cada participante admitiráselle un máximo de 2 obras.***

**As obras presentaranse baixoseudónimo, xunto con elas adxuntarase un sobre pechado en cuxo exterior figure oseudónimo, título da obra e certame ao que se presenta, e no interior do mesmo o nome, idade, domicilio e teléfono de contacto do autor.**

#### **5. XURADO**

Estará composto por:

1 representante do CEIP "Vista Alegre"

1 representante do CEIP "Virxe do Carme"

A Concelleira de Educación e Medio Ambiente

2 Monitoras de GAIA

O fallo do xurado farase público nun acto programado para o día 20 de xaneiro (unha vez pasadas as festas para que todos e todas teñan tempo de realizar os seus traballos) no que se agasallará a todos/as os/as participantes.

#### **6. ENTREGA DE PREMIOS**

Terá lugar o sábado, 20 de xaneiro, no auditorio da casa da cultura, establecéndose tres primeiros premios, un para cada unha das variantes:

- ***Certame de Fotografía***

- ✓ Unha cámara fotográfica dixital.

- ***Certame de Relato Curto***

- ✓ Unha cámara fotográfica dixital.

- ***Certame de Debuxo***

- ✓ Un lote de materiais para pintar, debuxar e realizar manualidades en xeral.

**Todos/as os/as inscritos/as recibirán un agasallo e participarán no sorteo dun computador entre os mesmos.**

#### **7. OBSERVACIÓNS FINAIS**

- Os traballos serán expostos ao público unha vez que se emita o fallo do xurado e durante o prazo aproximado dun mes.
- Unha vez rematada a exposición, serán devoltos aos seus artífices; agás as obras premiadas que quedarán en propiedade da Delegación de Medio Ambiente, que se reserva o dereito de editalas e empregalas sen ánimo de lucro e facendo sempre mención do autor das mesmas.
- As obras non premiadas que non sexan recollidas, do 22 ao 31 de xaneiro na biblioteca municipal entenderanse cedidas á Delegación de Educación e Medio Ambiente.
- A Delegación de Educación e Medio Ambiente terá o máximo coidado no tratamento do material recibido, se ben non se fai responsable en caso de extravío ou deterioro involuntario, motivado pola manipulación das mesmas.
- A inscrición neste certame supón a total aceptación das bases e a aceptación do fallo inapelable do xurado.